



RESERVA DE PRAZA I.E.S. CASTRO ALOBRE:

Para alumnado de 6º que pretenda continuar estudos no I.E.S. Castro Alobre.

PRAZO: Do 15 de xaneiro ao 04 de Febreiro.

Segundo a ORDE do 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 03 de maio, de educación.

O alumnado que pretenda continuar estudos no centro adscrito (Castro Alobre), deberá presentar no centro de orixe (CEIP Arealonga) o modelo normalizado de reserva de praza, ata o martes 04 de febreiro. Tamén é posible utilizar a aplicación informática admisión/alumnado no seguinte enderezo electrónico:

<https://www.edu.xunta.es/admisionalumado/>

Solicitudes-Reserva-Crear.

Imprimirase e presentarase na secretaría do CEIP Arealonga, ou en calquera dos lugares que establece a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, tamén pode presentarse por vía telemática utilizando a SEDE ELECTRONICA (para o que se precisará a Chave365 ou certificado dixital).

(Horario atención ao público da secretaría: Luns a venres de 09:30 a 13:45).

O alumnado e as familias poderán consultar o estado de tramitación das súas solicitudes a través de esta aplicación informática utilizando o código de solicitude e o numero de DNI da persoa solicitante.

A reserva será incompatible coa presentación de solicitude de admisión noutro centro, salvo renuncia expresa e por escrito presentada no centro de adscrición (CEIP Arealonga) antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión. A presentación de solicitudes de admisión noutro centro sen facer a devandita renuncia, terá a consideración para os efectos de perda da prioridade.

Este alumnado deberá formalizar a matrícula en tempo e forma no centro de adscrición (Castro Alobre).

O alumnado que non queira cursar 1º da ESO no IES CASTRO ALOBRE, terá que presentar a renuncia no mesmo prazo, na Secretaría do Centro.

Vilagarcía de Arousa, 15 de xaneiro de 2026.

CEIP AREALONGA